

PERSOAL COLABORADOR NAS PROBAS DE ACCESO Á UNIVERSIDADE – 2018

Os vindeiros meses de xuño e setembro terá lugar a Proba Avaliación de Bacharelato de Acceso á Universidade (ABAU). Por tal motivo a Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG) solicitou, como cada ano, que a Universidade de Vigo seleccione o persoal administrativo que colaborará coas Comisións Delegadas no desenvolvemento das probas.

Deste xeito, en datas e en número de persoas acordado pola CIUG, a selección do persoal colaborador realizarase consonte as seguintes

BASES

Universidade de Vigo -
Registro Xeral

Salida Nº. 201800004800
10/04/18 13:51:40

1.- Persoal colaborador

CAMPUS DE OURENSE	Xuño	Setembro
Persoal administrativo con experiencia nas probas	3	3
Persoal administrativo sen experiencia nas probas	3	-
<i>Total de colaboradores por convocatoria</i>	6	3

CAMPUS DE PONTEVEDRA	Xuño	Setembro
Persoal administrativo con experiencia nas probas	2	2
Persoal administrativo sen experiencia nas probas	2	-
<i>Total de colaboradores por convocatoria</i>	4	2

CAMPUS DE VIGO	Xuño	Setembro
Persoal administrativo con experiencia nas probas	4	4
Persoal administrativo sen experiencia nas probas	4	-
<i>Total de colaboradores por convocatoria</i>	8	4

2.- Solicitudes

1. Poderá solicitar a súa participación o persoal funcionario dos subgrupos C2 e C1 e o persoal laboral contratado en postos de administración que estean a percibir retribucións correspondentes a un nivel de complemento de destino igual ou inferior ao 18.
2. A efectos desta convocatoria os datos das persoas solicitantes referiranse á súa **situación á data de publicación da R.R. de 20 de xuño de 2017 (DOG do 26)**

pola que se resolve o concurso de méritos do persoal funcionario de administración é servizos.

3. Poderase solicitar participar en calquera dos campus con independencia de onde sexa o seu posto de traballo.
4. As solicitudes deberán presentarse segundo o modelo que figura como anexo nos rexistros xeral e auxiliares da Universidade de Vigo. O prazo rematará o **25 de abril de 2018**. Tamén se poderá atopar dita solicitude na páxina web: http://extension.uvigo.es/extension_gl/convocatorias/
5. A continuación e con efectos meramente informativos, publicarase a relación de persoas solicitantes con indicación do/s campus e convocatoria de preferencia na mesma páxina web indicada no punto anterior.

3.- Normas de selección

Tendo en conta que para cada Campus se debe seleccionar a persoal con e sen experiencia, establécese a seguinte orde de prioridade:

- a) Terá preferencia a persoa solicitante do subgrupo C2 con menor nivel de complemento de destino.
- b) De non cubrirse as prazas, seleccionarase os do subgrupo C1 de menor nivel de complemento de destino.

Na selección de persoal con experiencia terá preferencia quen participara un número menor de veces dentro das tres últimas convocatorias.

Unha vez aplicados os criterios sinalados nos parágrafos anteriores seguirase a orde alfabética a partir da letra G vixente para os procesos selectivos na Comunidade Autónoma de Galicia segundo a Resolución da Consellería de Facenda de 17 de xaneiro de 2018 (DOG do 26 de xaneiro)

Elaboraranse listas de agarda para cubrir baixas e renuncias.

A Comisión resolverá todas as dúbidas que podan xurdir na aplicación destes criterios.

4.- Calendario, tarefas e retribución

1. Datás de celebración:
 - Xuño: 12, 13 e 14.
 - Setembro: 12, 13 e 14.

O día anterior á celebración das probas o persoal seleccionado acudirá á constitución do tribunal, ás 18 horas, na sede da Comisión Delegada que lle corresponda.

2. O persoal seleccionado deberá estar á disposición do Presidente da Comisión para colaborar nas tarefas que lle sexan encomendadas coa finalidade de que as probas se realicen con toda normalidade. A ausencia inustificada suporá a substitución inmediata polo/a suplente.

3. A CIUG gratificará esta colaboración a razón de 320 euros por cada convocatoria. O persoal seleccionado será nomeado pola CiUG, **dito nomeamento non xerará dereito á percepción de axudas de locomoción.**

5.- Comisión de Selección

Presidente: Xefe do Servizo de Extensión Universitaria.

Vogais:

- Unha persoa da Sección de Extensión Universitaria.
- Un representante designado pola Xunta de PAS funcionario.
- Un representante designado conxuntamente polos Comités de Empresa do persoal laboral de administración e servizos

Secretaria: Unha persoa do SIE.

Vigo, 10 de abril de 2018

O XERENTE,



Manuel Fernández Jauregui

